



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA
CORPORACIÓN EN DATA 30 DE XANEIRO DE 2012.**

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. Melchor Roel Rivas

CONCELLEIROS:

D^a. María Loureiro García, D. Jesús Antonio Fernández Cal, D^a. M^a. Isabel Rodríguez López, D. Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro, D^a. Covadonga Viamonte Aguirar, D. Bernardo José Fraga Galdo, D. Manuel Galdo dopico, D. César Aja Mariño, D. Jaime Eduardo de Olano Vega, D^a. M^a del Carmen Gueimunde González, D^a. Cándida Méndez Salgado, D. Celestino Valentín García Paz, D. Antonio José Bouza Rodil, D. Guillermo Leal Arias e D. Jesús Fernández Fernández.

AUSENCIAS

D^a. Olaia Casas Chaves

SECRETARIA XERAL

D^a. M^a Luz Balsa Rábade

INTERVENTOR

D. Fidel García Martul

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do día trinta de xaneiro de dous mil doce, reúnen-se, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros citados anteriormente, ó obxecto de celebrar a sesión extraordinaria do Pleno da Corporación, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, asistido de mín, que como Secretaria Xeral, certifico do acto e o Interventor Xeral do Concello. Excusa a súa asistencia D^a. Olaia Casas Chaves.

Comprobado pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase polo Sr. Alcalde aberta a sesión, polo que se procede a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

Antes de pasar ós puntos da Orde do Día, por parte do Sr. Alcalde propónse gardar un minuto de silencio na memoria dos policíaos falecidos na praia do Orzán, polo que a Corporación en Pleno e o resto de asistentes gardan un minuto de silencio, roto de seguido por un aplauso na honra dos mesmos.

Seguidamente intervén en representación do grupo do P.P., D. César Aja Mariño, para presentar “in voce” unha moción a debatir neste pleno se o resto de grupos estaban de acordo, referente á subida do IBI na ordenanza municipal en relación coa modificación do goberno central.

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, para indicar que, seguindo as recomendacións do grupo do P.P., quedará para tratar no seguinte Pleno, así deste xeito poderá ser informado previamente pola Comisión Informativa de Economía.



Manifesta así mesmo o Sr. Alcalde que non figura na Orde do Día a aprobación da acta anterior debido a que a Secretaria Accidental non se incorporou das vacacións e é a quen lle corresponde a súa confección, polo que resulta imposible aprobar a mesma neste Pleno.

1.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

O Sr. Alcalde dá conta das Resolucións dictadas pola Alcaldía, as cales estiveron á disposición dos Concelleiros coa restante documentación integrante do Pleno.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes, acorda darse por informado das Resolucións dictadas pola Alcaldía.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DO ACORDO INICIAL DE SEPARACIÓN UNILATERAL DO CONCELLO DE VIVEIRO DA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA MARIÑA LUCENSE.

Visto o expediente de tramitación do acordo inicial de separación unilateral do Concello de Viveiro da Mancomunidade de Municipios da Mariña Lucense, no que consta providencia de Alcaldía de solicitude de informe sobre o procedemento a seguir e informe de Secretaría sobre dito procedemento.

Visto o informe emitido por parte da Secretaria Xeral do Concello de Viveiro, en virtude de Providencia de Alcaldía de data 18 de xaneiro de 2012, referente á lexislación aplicable e ó procedemento a seguir para a separación unilateral dun Concello da Mancomunidade de Municipios da Mariña Lucense.

Considerando que en data 10 de outubro de 2011 tivo entrada no rexistro municipal (Nº rexistro: 8.149), notificación por parte da Mancomunidade de Municipios da Mariña Lucense referente ó proxecto de estatutos da mesma aprobados pola Xunta Plenaria da Mancomunidade na sesión extraordinaria de data 19 de setembro de 2011, comunicándose a este Concello co obxecto de someter este acordo ó Pleno da Corporación en cumprimento do previsto no artigo 143 da Lei de Administración Local de Galicia.

Vista a proposta da Alcaldía de data 19 de xaneiro de 2012, que literalmente di:

“Primeiro.- Non pronunciarse sobre a modificación de estatutos sinalada, en base ó proposto no punto segundo.

Segundo.- Acordar inicialmente a separación unilateral do Concello de Viveiro da Mancomunidade de Municipios da Mariña Lucense, manifestando esta intención e decisión do Concello de separase da Mancomunidade referida en cumprimento co preceptuado no artigo 143.3 da Lei de Administración Local de Galicia. Este acordo deberá ser ratificado por un novo acordo plenario tras o cumprimento do prazo dun ano dende a notificación desta decisión á Mancomunidade, no que se deberá acordar definitivamente dita separación.



Terceiro.- Dar traslado deste acordo ó órgano de goberno da Mancomunidade en cumprimento do previsto no citado artigo 143, así como solicitar de dito órgano a expedición do informe previsto no artigo 36 do RPDETEL.”

Por parte da Alcaldía procédese á apertura do debate, que discorre do seguinte xeito:

Intervén o Sr. Alcalde para sinalar que existe Dictame favorable da Comisión Informativa de Desenvolvemento Local sobre esta proposta, aprobado coa abstención do grupo municipal do iVi e o voto en contra do grupo municipal do P.P.

Apunta o Sr. Alcalde que o Concello de Viveiro non participou na Mancomunidade nin nesta estapa nin nas anteriores, acudiuse a unha reunión no ano 2006 para intentar solucionar o pago a un colectivo que atendía a persoas enfermas, e non se volveu a asistir a máis reunións. Considera que se trata dun ente inútil, inoperante e que só serve para cobrar. Apunta que unha Mancomunidade debe existir para poder prestar servizos comúns, e polo tanto ser operativa, indicando que un exemplo é o caso do convenio do parque de Bombeiros, que só agrupa a Viveiro, Vicedo, Oourol, Xove e Cervo, pero non a toda a mariña lucense. Xa fai moito tempo que dende Viveiro se advertía que non se podía actuar cuns estatutos antidemocráticos. Ademais, sinala, que na Mancomunidade, Viveiro conta cunha capacidade de decisión igual á dun Concello con 1.000, 2.000 ou 3.000 habitantes. Indica que xa se tardou moito tempo, pois a intención de separarse da Mancomunidade comunicouse xa verbalmente no 2006, agora pagaranse as cotas debidas, pois xa dende a Mancomunidade solicitaron á Xunta de Galicia que se fixese efectivo, e será en dous períodos de aproximadamente 15.000 euros cada un, posteriormente preguntará, di, en que utilizou a Mancomunidade ese diñeiro. Considera que se trata dun ente inútil para Viveiro e reitera que sí estaría de acordo en pertencer a unha Mancomunidade que prestase servizos efectivos e reais, pero non a un ente inútil.

Intervén en representación do grupo municipal do P.P., D. Jaime de Olano Vela, sinalando que cando todas as Administracións instan ós entes locais a mancomunarse para a prestación de servizos co fin de aforrar custos non consideran de recibo separarse do único ente ó que se está mancomunado. Apunta que non é de recibo non acudir ás reunións nin sequera a tomar posesión do cargo, así como tampouco agora ter que pagar 3 anos de cuotas sen perder 2 horas en acudir a ningunha reunión. Indica que non é certo que non reporte nada para Viveiro, xa que a Mancomunidade adquiriu unha carpa para usar polos Concellos para as súas necesidades. En Viveiro, no ano 2009, por un día de uso dunha carpa o Concello pagou unha factura de máis de 2.000 euros, polo que en catro días de uso estaría amortizada a cuota anual de escasos 10.000 euros. Sinala ademais que tamén dende a Mancomunidade se realizaron folletos informativos para Fitur, así como a guía de artesanía da Mariña, na que Viveiro conta con 10 páxinas. Apunta que tamén se acordou ceder medios materiais para aforrar custos de alquiler, polo que entende que eses 10.000 euros se poden compensar e aforrar diñeiro por parte do Concello. Ademais indica que a nova lei de turismo establece xeodestinos, un dos cales é a mariña lucense, así a Mancomunidade vai chegar a asinar un convenio coa Secretaría de Turismo para subvencionar o impulso do turismo na comarca, polo que consideran que Viveiro debe pertencer á mesma. Deste xeito piden que se reconsiderese este punto e se retire, do contrario votarán en contra.

Intervén en representación do grupo municipal do B.N.G, D. Bernardo Fraga Galdo, para sinalar que o seu grupo votará a favor da proposta, sinalando que nos estatutos se establecen os fins da Mancomunidade como é asumir a execución de obras, a extinción de incendios, etc, polo que cunha



carpa e varios folletos non se estarían a realizar os fins para os que existe, ademais de que con 10.000 euros poderíanse facer moitos folletos, polo que non está a cumprir ningún dos fins dos estatutos. Apunta que Viveiro é a capital da comarca da mariña, polo que debería ser a poboación referente da Mancomunidade, por poboación, extensión. Quere deixar claro que a pertenza a unha Mancomunidade para a prestación de servizos mellora e nalgúns casos abarata os custos, polo que está a favor de que este Concello pertencese a unha Mancomunidade, pero sempre e cando funcione, e a Mancomunidade da Mariña Lucense non demostrou o seu funcionamento.

Intervén en representación do grupo municipal do iVi, D. Guillermo Leal Arias, apuntando que nestes anos que leva de funcionamento a Mancomunidade, non foi o que tería que ser para todos os Concellos pertencentes a ela. Está de acordo co exposto polo grupo do P.P., en que a pertenza a unha Mancomunidade sería productiva, xestionando servizos dun xeito máis barato, pero cree que ó mellor neste caso o problema é que pertencen a esta Mancomunidade moitos Concellos e podería ser máis productiva existindo menos. O seu grupo non ve o reflexo en Viveiro e nos seus cidadáns deses 10.000 euros de cuota que hai que aportar cada ano, ademais observando as modificacións dos estatutos consideran que non recolle unha serie de servizos comúns que serían interesantes, polo que está a favor de separarse.

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel, para pedirlle un esforzo ó P.P. ós efectos de recordar cantas veces, acudiron ás reunións da Mancomunidade cando gobernaba o P.P. no Concello de Viveiro. Ademais recórdalles que cando o P.P. gobernaba en Galicia non creou unha fundación comarcal da Mariña Lucense, senón que creou tres: a occidental, a oriental e a central, polo que se o P.P. o tivese tan claro xeraría só a Fundación Comarcal da Mariña Lucense. Entende que se están a defender organismos inútiles de xestións, pero útiles para silenzos. Así pregúntase qué fixo a Mancomunidade e o seu presidente, que non dixeron nada nin defederon ningún interese xeral cando levaron de Viveiro a Delegación da Concelelría de Pesca, para a beira do Miño. Ademais recalca que de todo canto se plantexou nalgún momento por Viveiro non se fixo absolutamente nada, apuntando que funciona drogodependencia e selectividade que outros non pagan, ós que lles habería que requirir tamén para que pagasen. Sinala así mesmo, que tamén para o que se constituíu foi para conseguir o Hospital da Costa, para todo o que se prevía non se fixo nada. Está de acordo en que se podería usar a carpa, pero Viveiro paga o 20% e decide como o que paga o 1%, parte desa carpa pagouse con fondos da Mancomunidade que reclaman. Manifesta que espera que a defensa da Mancomunidade se vexa refectida tamén cando noutro punto da orde do día se aprobe o pago das súas cotas.

Intervén en representación do grupo municipal do P.P., D. Jaime de Olano Vela, instando ó Sr. Alcalde, a que acuda ás reunións e reclame alí ós que non pagan, e que alí faga política para que se cambien os estatutos. Manifesta que ten entendido que se aportan 18.000 euros ó Eixo Atlántico e non se coñece o que fai, cre que é importante para Viveiro pertencer á Mancomunidade, e a función de modificar os seus acometidos debería levarse a cabo negociando dentro da mesma, xa que iso conlevaría un aforro de diñeiro, recordando o convenio que vai asinar a propia Mancomunidade coa Secretaría Xeral.

Intervén o sr. Alcalde, D. Melchor Roel, para recordar que o Eixo Atlántico editou libros, compendios e guías nas que está figura Viveiro, repartidos por todo Europa. O mesmo ocorre con Vilas Mariñeiras, pertencendo á Senda Verde de España, dentro de Tur España. Respecto ó Eixo Atlántico, apunta que o Sr. Núñez Feijoo dixo que o Eixo Atlántico era unha das oportunidades máis importantes de Galicia para o desenvolvemento, xunto con Portugal, en Europa, realizando



unha defensa a ultranza do mesmo. Viveiro, sinala, tamén é unha das eurorrexións que defende tamén o P.P., indicando que nun futuro ó mellor existe a necesidade de recortar gastos e priorizar, e o Concello se vexa na obriga de saír do Eixo Atlántico, entón espera que por parte do P.P. non se recolla o discurso de Feijoo de que é moi beneficioso e sexan congruentes co sinalado hoxe. Finalmente apunta que menos mal que só compraron unha carpa e non un circo porque senón Viveiro pagaría o 20% e decidiría tamén como o que paga o 1%.

Non existindo máis debate sobre este asunto procédese á súa votación, acordándose con 10 votos a favor, correspondentes ós grupos do P.S.O.E, B.N.G. e iV.i. e 6 votos en contra correspondentes ó grupo do P.P.:

Primeiro.- Non pronunciarse sobre a modificación de estatutos sinalada, en base ó proposto no punto segundo.

Segundo.- Acordar inicialmente a separación unilateral do Concello de Viveiro da Mancomunidade de Municipios da Mariña Lucense, manifestando esta intención e decisión do Concello de separase da Mancomunidade referida en cumprimento co preceptuado no artigo 143.3 da Lei de Administración Local de Galicia. Este acordo deberá ser ratificado por un novo acordo plenario tras o cumprimento do prazo dun ano dende a notificación desta decisión á Mancomunidade, no que se deberá acordar definitivamente dita separación.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo ó órgano de goberno da Mancomunidade en cumprimento do previsto no citado artigo 143, así como solicitar de dito órgano a expedición do informe previsto no artigo 36 do RPDTL.

3.- APROBACIÓN DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO E RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO PARA ATENDER A GASTOS POR ADQUISICIÓN E INSTALACIÓN DE TRANSFORMADOR ELÉCTRICO E SOTERRAMENTO DE LIÑA DE MEDIA TENSIÓN EN NASEIRO.

Visto o expediente de aprobación de crédito extraordinario e recoñecemento extraxudicial de crédito para atender a gastos por adquisición e instalación de transformador eléctrico e soterramento de liña de media tensión en Naseiro, no que consta Proposta da Alcaldía e informe de Intervención.

Vista a proposta da Alcaldía na que se propón unha modificación de crédito mediante crédito extraordinario nas seguintes partidas:

Partido	Descripción	Importe
920.623	Inversións novas en maquinaria. Transformador eléctrico	55.855,49 €
338.609	Inversións novas en infraestructuras Campo do Naseiro	33.451,43€
TOTAL		89.306,92€

A financiación deste crédito extraordinario obteríase mediante a baixa nas seguintes partidas:



Partida	Descrición	Importe
929.226	Gastos correntes exercizos anteriores recoñecemento extraxudicial de créditos	89.306,92
TOTAL		89.306,92

Vista a proposta de recoñecemento extraxudicial de gasto pola mesma cuantía que a modificación orzamentaria proposta, condicionando a aprobación do recoñecemento extraxudicial á aprobación definitiva da modificación orzamentaria.

Visto o informe de Intervención no que se informa favorablemente o expediente de modificación de crédito N° 5/2012, co desglose anteriormente sinalado indicando que debe aprobarse inicialmente polo Pleno da Corporación, ser exposto ó público durante a once días mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, considerándoa definitivamente aprobada se durante dito prazo non se houberen presentado reclamacións. Ademais sinala que debe acordarse polo Pleno facultar ó Alcalde para a sinatura de cantos documentos sexan necesarios para a execución de dito acordo.

No tocante ó recoñecemento extraxudicial de crédito sinalase no informe de Intervención que a figura do recoñecemento extraxudicial de créditos debe ter carácter excepcional, xa que doutro xeito, de utilizarse de forma xeralizada, suporía o incumprimento reiterado de principios como o de anualidade orzamentaria e devengo contable, así como a normativa en materia de contratación administrativa. Sinalase xurisprudencia sobre a materia na que se indica a obriga de restitución do enriquecemento inxusto, advertindo do previsto no artigo 188 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 sobre a obriga dos interventores de advertir por escrito a improcedencia dunha orde de gasto ou pago, non indicando ningún impedimento para a aprobación deste recoñecemento extraxudicial de gasto.

Por parte da Alcaldía procédese á apertura do debate, que discorre do seguinte xeito:

Intervén o Sr. Alcalde para sinalar que existe Dictame favorable da Comisión Informativa de Desenvolvemento Local sobre esta proposta, aprobado coa abstención do grupo municipal do iVi e o voto en contra do grupo municipal do P.P.

Sinala o Sr. Alcalde que quere aclarar as mentiras publicadas, mentiras di, publicadas con documentación que as desminte. Así, manifesta que se dixo que se lle debía por parte do Concello o transformador a BEGASA antes de outubro de 2011, cando a factura se presenta no Concello en novembro de 2011, e con coñecemento desta documentación séguense publicando mentiras. Esta información tamén a ratificou o Sr. Interventor na Comisión Informativa. Admáis, apunta, que ata o 31 de decembro do ano 2009 existiu consignación orzamentaria, que se reitrou no exercizo 2010 porque non se instalaba o transformador e non se traía a factura. Considera que os que no seu día negociaron 2 locais e 1 transformador para BEGASA de xeito gratuito para a mesma, xa que este transformador ó día seguinte de pagarse pasa a propiedade de BEGASA, un transformador e dúas localizacións gratis, e ó terceiro día non se pode conectar co teatro Pastor Díaz, poque no mesmo



figura unha placa con moitos nomes, pero non se acordaron de comunicar o remate da instalación eléctrica e agora non se acolle á nova normativa polo que hai que proceder primeiro á súa renovación, así a mentira de que non había luz no teatro Pastro Díaz por non pagar o transformador. Haberá que invertir igual que aconteceu coa reposición que se tivo que facer das cubertas que foran clavadas en taboleiro de aglomerado. Polo que respecta ó Naseiro indica que se fixo unha conducción subterránea para garantir a seguridade de tanta xente que acude alí, xa que non existía a mesma nin bocas de rego.

Intervén en representación do grupo municipal do P.P., D. Antonio José Bouza Rodil, sinalando que considera que pagar sí hai que pagar, pero que o problema é o fondo, pois estamos cuns orzamentos do ano 2008. Apunta que a capacidade de decisión que se solicitaba na Mancomunidade aquí non se demostra, pois non se elaboran uns orzamentos. Está de acordo en pagar, pero non coa forma de xestionar por parte da Alcaldía e de todo o grupo de goberno, indicando que algún dos que se senta xunto ó Alcalde en setembro de 2011 decía que habería orzamentos e non os houbo, e cree que tampouco os haberá no 2012. Manifesta que dende o grupo do P.P. se brindou axuda para a súa elaboración, polo que sendo coherentes, reiteran que non están de acordo coa forma de gobernar a base de impulso, e que o apoiarían se existisen orzamentos.

Intervén o representante do grupo municipal do B.N.G, D. Bernardo Galdo Fraga, para indicar que como grupo do goberno sabe como se atopan as contas e o proceso de execución do orzamento, qu é difícil a súa elaboración e que niso están, apuntando que van votar a favor desta proposta por varias cuestións. En primeiro lugar di que o transformador é esencial que se poña en funcionamento canto antes, recalcando a necesidade dos edificios municipais. No caso do Naseiro tamén apunta a súa importancia para a xente que acude alí.

Intervén o representante do grupo municipal do iVi, D. Guillermo Leal Arias para sinalar que o seu grupo está de acordo en que hai que facer uns orzamentos para saber ata onde se pode chegar con cada gasto e que canto antes se fagan mellor, ofrecendo a súa colaboración. Considera que é lóxico pagar as facturas existentes, entendendo que é importante ter legal as instalacións da luz do novo Concello, e no que respecta ó Naseiro cre que beneficia ós que participan desta festa, polo que apunta que votará a favor de facer o pago.

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas para sinalar a falta de valentía de dicir no Pleno o que se di na prensa, considerando que se perdeu unha moi boa oportunidade de pedir desculpas polas mentiras. Ademais indica que non se minta, que en Viveiro existen orzamentos, prorrogados, pero existen orzamentos. Recalca a mala negociación feita no seu día, cando gobernaba o P.P. en Viveiro para darlle gratis a BEGASA o transformador e que agora non se poda conectar o teatro Pastor Díaz porque primeiro hai que acometer un gran gasto para poder dalo de alta. Tamén recalca as mentiras ó dicir que non se pagara cando aínda non se presentaran as facturas.

Non existindo máis debate sobre este asunto procédese á súa votación, acordándose 10 votos a favor, correspondentes ós grupos do P.S.O.E, B.N.G. e iV.i. e 6 votos en contra correspondentes ó grupo do P.P:

Primeiro.- Aprobar, inicialmente o expediente de modificación de crédito N°5/2012, correspondente a crédito extraordinario co seguinte desglose:

Partida gastos	Descripción	Importe	Partida de gasto	Descripción
----------------	-------------	---------	------------------	-------------



			que se reduce	
920.623	Inversións novas en maquinaria. Transformador eléctrico	55.855,49 €	929.226	Gastos correntes exercizos anteriores recoñecemento extraxudicial de créditos
338.609	Inversións novas en infraestructuras Campo do Naseiro.	33.451,43 €		
		89.306,92 €	89.306,92 e	

Segundo.- Expoñer ó público, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, durante quince días, o citado expediente, ós efectos de que os interesados podan examinalo e, no seu caso, presentar reclamacións ante o Pleno da Corporación. No caso de non existir reclamacións no prazo previsto, considerarase definitivamente aprobada esta modificación de crédito.

Terceiro.- Facultar ó Alcalde-Presidente para a sinatura de cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo.

Cuarto.- Acordar o recoñecemento extraxudicial de gasto pola mesma cuantía que a modificación orzamentaria, condicionando esta aprobación de recoñecemento extraxudicial á aprobación definitiva da modificación orzamentaria aprobada inicialmente no punto primeiro deste acordo.

4.- APROBACIÓN DE RECOÑECIMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO PARA ATENDER Ó PAGO DE CÁNONES POLO USO DO PORTO DEPORTIVO NO ANO 2010 E OUTROS GASTOS.

Visto o expediente de aprobación de recoñecemento extraxudicial de crédito para atender ó pago de cánones polo uso do porto deportivo no ano 2010 e outros gastos, no que consta Proposta da Alcaldía e informe de Intervención.

Vista a proposta da Alcaldía de recoñecemento extraxudicial de crédito dos seguintes gastos, por devengo de cánones do ano 2010, debidos a Portos de Galicia, que non puideron ser aprobados no exercizo 2010 por non terse tramitado o expediente de gasto no seu respectivo exercizo, e existindo na actualidade crédito suficiente, propónse a aprobación deste recoñecemento extraxudicial. Por parte da Consellería de Facenda foi concedido apazamento de pago destas débedas ata o 20 de abril de 2012, por un importe principal de 67.597,52 € e uns intereses de 5.339,54 €, sendo obxecto deste recoñecemento extraxudicial a aprobación do gasto en concepto de principal da débeda, según se detalla:

Expte.	Dcomento Orixinal	Entidade Acreedora	Deuda orixinal
2011/01898	407100601	Portos de Galicia	15.102,50 €
2011/01901	407100883	Portos de Galicia	52.495,02 €
TOTAL			67.597,52 €



As características desta proposta son:

Partida orzamentaria	Descrición	Cuantía do gasto
440.20900	Cánones Portos Deportivos	67.597,52 €
TOTAL		67.597,52 €

Vista a proposta de Alcaldía de recoñecemento extraxudicial de crédito para facer fronte ós seguintes gastos por facturas emitidas no exercizo 2011, que quedaron pendnetes de aprobación, debidas a entidades aseguradoras:

- Recibo Nº 374722076, correspondente á Póliza de Responsabilidade Civil 0960180228895, emitida por Mapfre, con Nº de rexistro no Concello 2011/1769, por importe de 17.923,43 €.
- Recibo Nº 3102901082011, correspondente á Póliza de seguro a todo risco por danos materiais, emitida por aon Gil y Carvajal, con Nº de rexistro no Concello 2011/2771, por importe de 16.502,57 €.

Estes gastos correspondentes a estes dous recibos proponse imputalos á aplicación orzamentaria 929.226, gastos correntes, cun total de 34.426 €.

Visto o informe de Intervención, no que se indica que a figura do recoñecemento extraxudicial de créditos debe ter carácter excepcional, xa que doutro xeito, de utilizarse de forma xeralizada, suporía o incumprimento reiterado de principios como o de anualidade orzamentaria e devengo contable, así como a normativa en materia de contratación administrativa. Sinálase xurisprudencia sobre a materia na que se indica a obriga de restitución do enriquecemento inxusto, informando favorablemente este recoñecemento extrajudicial pero advertindo da necesidade de mellorar a xestión da contratación municipal.

Por parte da Alcaldía procédese á apertura do debate, que discorre do seguinte xeito:

Intervén o Sr. Alcalde para sinalar que existe Dictame favorable da Comisión Informativa de Desenvolvemento Local sobre esta proposta, aprobado coa abstención do grupo municipal do iVi e o voto en contra do grupo municipal do P.P.

Ademáis indica que ten datos para mostrarlles ós que falaban na prensa, aducindo que Portos de Galicia lle reclamaba ó Concello de Viveiro débedas do canon do porto deportivo do 1º semestre de 2010, 2º semestre de 2010 e 1º trimestre de 2011, en total máis de 79.000 euros de ocupación de dominio público, cando en xuño de 2010 se lle retirou a Viveiro a concesión administrativa, e pasan 15.000 euros do X5, polo que mente quen afirma que foi un convenio con Viveiro, pois a tarifa súbese cando o Sr. Feijoo era Conselleiro, e polo Concello de Viveiro o que se aprobou en Pleno foi intentar legalizar que onde ía unha praza pública de abastos había unha empresa privada. Tamén apunta que menten cando din que se suben as tarifas e as paga TurViveiro, porque cando existe Porto Deportivo págaas o Concello. Sinala que débedas existían antes do ano 2003, cando se presentaron por un auditor débedas de Tur Viveiro de centos de miles de euros, polo que lle gustaría que cando se dixese algo ós medios fose con documentos na man. Apunta que non houbo pactos para subir X5, o pacto e acordo plenario foi para legalizar cacicadas, que onde ía unha praza de abastos hai unha empresa privada e intentar legalizar que pagase un canon.



Intervén en representación do grupo municipal do P.P., o Sr. D. José Antonio Bouza Rodil, para indicar que mantén o dito no punto anterior, dicindo que o seu voto en contra é un non á xestión por parte da Alcaldía, e que mentres non a cambie que pode contar o que queira que alí estarán para escoitalo.

Intervén en representación do grupo municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo para apuntar simplemente que o seu grupo está a favor desta proposta.

Intervén o representante do grupo municipal do iVi, D. Guillermo Leal Arias, indicando que nesta ocasión sí que quere apuntar que sí lles fastidia pagar por algo, como él di hurto, roubo..., que foi o que sufriu o Porto, considera que hai que pagar, porque se non perdéñse máis cartos de subvención, dicindo que habería que recuperar o que se pague de máis. Cre que levaron algo de Viveiro e non dixeron que ía volver a ser de Viveiro, recalca que o Porto Deportivo tiña que volver a ser de Viveiro. Finalmente indica que o seu grupo vai apoiar esta proposta porque se non se paga perderíase máis de subvención.

Intervén o Sr. Alcalde, o Sr. Melchor Roel para agradecer en primeiro lugar o apoio á proposta, sinalando que se enviou en vía administrativa recurso contra as liquidacións indebidas do canon, porque, apunta, os que representan Viveiro deben defender os intereses de Viveiro, polo que se pregunta cómo se pode calar por algúns, defender ou xustificar que lle queiran cobrar a Viveiro por algo que lle quitaron. Indica que se lle pasan a factura da ocupación de dominio público a Viveiro significa que ós que llo outorgaron a dedo non pagan. Reitera que non se reconece que onde había praza de abastos hai un centro comercial privado, iso sí son películas, pero sen embargo retiráronos o Porto Deportivo e non se dice nin se pregunta o porqué, por iso ó grupo do P.P. afirma non lle gusta a súa forma de xestión, por non calar o que se pensa.

Non existindo máis debate sobre este asunto procédese á súa votación, acordándose con 11 votos a favor, correspondentes ós grupos do P.S.O.E, B.N.G. e iV.i. e 6 votos en contra correspondentes ó grupo do P.P:

Primeiro.- Aprobar, mediante a figura do recoñecemento extrajudicial de crédito, os seguintes gastos por cánones debidos a Portos de Galicia, correspondentes ó ano 2010, de acordo co seguinte detalle e as seguintes características:

Expte.	Dcomento Orixinal	Entidade Acreedora	Deuda orixinal
2011/01898	407100601	Portos de Galicia	15.102,50 €
2011/01901	407100883	Portos de Galicia	52.495,02 €
TOTAL			67.597,52 €

Partida orzamentaria	Descrición	Cuantía do gasto
440.20900	Cánones Portos Deportivos	67.597,52 €
TOTAL		67.597,52 €

Segundo.- Aprobar, mediante a figura do recoñecemento extrajudicial de crédito, os seguintes gastos correspondentes a facturas debidas a entidades aseguradoras, que se corresponden ó ano 2011, tal e como segue:



- Recibo N° 374722076, correspondente á Póliza de Responsabilidade Civil 0960180228895, emitida por Mapfre, con N° de rexistro no Concello 2011/1769, por importe de 17.923,43 €.
- Recibo N° 3102901082011, correspondente á Póliza de seguro a todo risco por danos materiais, emitida por aon Gil y Carvajal, con N° de rexistro no Concello 2011/2771, por importe de 16.502,57 €.

Os gastos correspondentes a estes dous recibos imputaranse á aplicación orzamentaria 929.226, gastos correntes, cun total de 34.426 €.

5.- APROBACIÓN DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO PARA FACER FRONTE Ó PAGO DOS INTERESES DE DEMORA POLO APRAZAMENTO DO PAGO DE CÁNONES POLO USO DO PORTO DEPORTIVO NO ANO 2010.

Visto o expediente de aprobación de crédito extraordinario para facer fronte ó pago dos intereses de demora polo aprazamento do pago de cánones polo uso do porto deportivo no ano 2010, no que consta proposta da Alcaldía e informe de intervención.

Vista a proposta da Alcaldía na que se propón unha modificación de crédito mediante crédito extraordinario nas seguintes partidas (expte. Crédito extraordinario N° 7/2012):

Partida	Descrición	Importe
920.352	Intereses de demora	5.339,54 €
TOTAL		5.339,54 €

A financiación deste crédito extraordinario obteríase mediante a baixa nas seguintes partidas:

Partida	Descrición	Importe
929.226	Gastos correntes exercizos anteriores recoñecemento extraxudicial de créditos	5.339,54 €
TOTAL		5.339,54 €

Visto o informe de Intervención no que se informa favorablemente o expediente de modificación de crédito N° 7/2012, co desglose anteriormente sinalado indicando que debe aprobarse inicialmente polo Pleno da Corporación, ser exposto ó público durante aince días mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, considerándoa definitivamente aprobada se durante dito prazo non se houberen presentado reclamacións. Ademáis sinala que debe acordarse polo Pleno facultar ó Alcalde para a sinatura de cantos documentos sexan necesarios para a execución de dito acordo.

Intervén o Sr. Alcalde para sinalar que existe Dictame favorable da Comisión Informativa de Desenvolvemento Local sobre esta proposta, aprobado coa abstención do grupo municipal do iVi e o voto en contra do grupo municipal do P.P.

Non existindo debate sobre este asunto pola conexión co punto anterior, procédese á súa votación, acordándose con 11 votos a favor, correspondentes ós grupos do P.S.O.E, B.N.G. e iV.i. e 6 votos en contra correspondentes ó grupo do P.P:



Primeiro.- Aprobar, inicialmente o expediente de modificación de crédito N°7/2012, correspondente a crédito extraordinario co seguinte desglose:

Partida gastos	Descripción	Importe	Partida de gasto que se reduce	Descripción
920.352	Intereses de demora	5.339,54 €	929.226	Gastos correntes exercizos anteriores recoñecemento extraxudicial de créditos
		89.306,92 €	89.306,92 e	

Segundo.- Expoñer ó público, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, durante quince días, o citado expediente, ós efectos de que os interesados podan examinalo e, no seu caso, presentar reclamacións ante o Pleno da Corporación. No caso de non existir reclamacións no prazo previsto, considerarase definitivamente aprobada esta modificación de crédito.

Terceiro.- Facultar ó Alcalde-Presidente para a sinatura de cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo.

6.- APROBACIÓN DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO PARA ATENDER ÁS CUOTAS ORDINARIAS E EXTRAORDINARIAS POLA PARTICIPACIÓN DO CONCELLO NA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA MARIÑA LUCENSE.

Visto o expediente de aprobación de crédito extraordinario para atender ás cuotas ordinarias e extraordinarias pola participación do concello na mancomunidade de municipios da mariña lucense, no que consta proposta da Alcaldía e informe de Intervención.

Vista a proposta da Alcaldía na que se propón unha modificación de crédito mediante crédito extraordinario nas seguintes partidas (expte. Crédito extraordinario N° 6/2012):

Partida	Descripción	Importe
920.463	Aportacións a Mancomunidades	31.090,16 €
TOTAL		5.339,54 €

A financiación deste crédito extraordinario obteríase mediante a baixa nas seguintes partidas:

Partida	Descripción	Importe
929.226	Gastos correntes exercizos anteriores recoñecemento extraxudicial de créditos	31.090,16 €



TOTAL		31.090,16 €
-------	--	-------------

Visto o informe de Intervención no que se informa favorablemente o expediente de modificación de crédito Nº 6/2012, co desglose anteriormente sinalado indicando que debe aprobarse inicialmente polo Pleno da Corporación, ser exposto ó público durante auince días mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, considerándoa definitivamente aprobada se durante dito prazo non se houberen presentado reclamacións. Ademáis sinala que debe acordarse polo Pleno facultar ó Alcalde para a sinatura de cantos documtnos sexan necesarios para a execución de dito acordo.

Intervén o Sr. Alcalde para sinalar que existe Dictame favorable da Comisión Informativa de Desenvolvemento Local sobre esta proposta, aprobado coa abstención do grupo municipal do iVi e o voto en contra do grupo municipal do P.P.

Non existindo debate sobre este asunto, por ter conexión co segundo punto da orde do día, procédese á súa votación, acordándose con 11 votos a favor, correspondentes ós grupos do P.S.O.E, B.N.G. e iV.i. e 6 votos en contra correspondentes ó grupo do P.P:

Primeiro.- Aprobar, inicialmente o expediente de modificación de crédito Nº7/2012, correspondente a crédito extraordinario co seguinte desglose:

Partida gastos	Descripción	Importe	Partida de gasto que se reduce	Descripción
920.463	Aportacións a Mancomunidades	31.090,16 €	929.226	Gastos correntes exercizos anteriores recoñecemento extraxudicial de créditos
		31.090,16 €	31.090,16 €	

Segundo.- Expoñer ó público, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, durante quince días, o citado expediente, ós efectos de que os interesados podan examinalo e, no seu caso, presentar reclamacións ante o Pleno da Corporación. No caso de non existir reclamacións no prazo previsto, considerarase definitivamente aprobada esta modificación de crédito.

Terceiro.- Facultar ó Alcalde-Presidente para a sinatura de cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo.

7.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. SOBRE BEGASA.

Vista a moción do Grupo Municipal do P.P. sobre BEGASA, na que se indica que a este Grupo lle chegaron noticias sobre o peche das oficinas de BEGASA, así como o traslado de centro de traballo de Viveiro a outra localidade da costa, sinalando que esta empresa ten destinados en Viveiro 12 empregados entre persoal exterior e de oficinas, polo que ademáis do servizo que estes operarios prestan ós veciños son unha importante fonte de traballo e riqueza para o Concello e a súa zona de influencia, de ahí a importancia da súa permanencia na localidade. Deste xeito, mediante esta moción, o Grupo Municipal do P.P. de Viveiro propón ó Pleno a adopción dos seguintes acordos:



1.- Que por parte do grupo de goberno se realicen as xestións oportunas ante a dirección de BEGASA co obxecto de que o persoal siga permanecendo en Viveiro.

2.- Trasladar este acordo para o seu apoio ós Concellos dependentes desta zona: Ouro, Vicedo, Xove, Cervo e Burela.

Por parte da Alcaldía procédese á apertura do debate, que discorre do seguinte xeito:

Intervén en representación do grupo municipal do P.P., D. Celestino Valentín García Paz, recordando que a mediados de novembro saíu na prensa a noticia de que BEGASA, tiña intención de cerrar as oficinas de Viveiro, era un rumor, pero posteriormente xa se coñeceu que se iniciara un diálogo co Comité de Empresa. Sinala que lle gustaría facer un breve percorrido polo que foi BEGASA ó longo dos anos, apuntando que en 1935 entrou na provincia e foi adquirindo varias distribuidoras seguindo en expansión, expandíndose nos anos 60 por toda a costa da Mariña. En Viveiro instálase como comercial en 1962, fai xa 50 anos. Dende o ano 1999 a empresa foi reducindo o persoal. Coñece que a empresa ten 4 zonas na provincia: Lugo, Vilalba, Foz e Viveiro, e pretende anular as zonas de Vilalba e Viveiro. Para iso BEGASA dá unhas razóns ilóxicas, dicindo que os centros de traballo dispersos mellorarían os servizos por estar concentrados. Ademais do peor servizo que se lles daría ós cidadáns de Viveiro, existen 12 empregados na oficina que a empresa ten neste Concello, polo que algo que o P.P. non pretende permitir, xa que este Concello é a capital da mariña, polo que non se pode deixar que BEGASA marche do mesmo.

Intervén o Sr. Alcalde, o Sr. Melchor Roel Rivas para anunciar que o seu grupo vai votar a favor desta proposta porque a considera lóxica e sensata, apuntando que esta Corporación asinou a cesión para que EV poda continuar. Resalta que entorno que fixou Celestino na súa proposta é o mesmo que o fixado polo grupo de goberno para unha Mancomunidade operativa.

Intervén o representante do grupo municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo, para apuntar que está de acordo coa proposta, pero que lle gustaría pedirlle ó P.P. engadir outro punto, como é o de trasladar este acordo, ademais de ós Concellos sinalados na proposta, á Consellería de Industria, pois ésta é a que ten contacto directo con BEGASA, e pode facer máis forza para conseguir esta proposta.

Manifesta o representante do grupo do P.P., D. Celestino Valentín García Paz, que está de acordo co indicado polo B.N.G.

Intervén o representante do grupo municipal do iVi, D. Guillermo Leal Arias, sinalando que está de acordo, apuntando que cando cerraron en Viveiro as oficinas de EON xa se comentaba a intención de pechar as oficinas de BEGASA, para trasladarse a Foz, isto levaría a un desprazamento dos veciños de Viveiro para realizar as súas xestións e quitaría postos de traballo.

Non existido máis debate sobre este asunto, procédese á súa aprobación acordando por unanimidade:

1.- Que por parte do grupo de goberno se realicen as xestións oportunas ante a dirección de BEGASA co obxecto de que o persoal siga permanecendo en Viveiro.



2.- Trasladar este acordo para o seu apoio ós Concellos dependentes desta zona: Ouro, Vicedo, Xove, Cervo e Burela.

3.- Trasladar este acordo para o seu apoio á Consellería de Industria.

8.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. SOBRE PROPOSTA DE REPARACIÓN DE PISTAS RURAIS CON CARGO Ó PEIM 2012.

Vista a moción do Grupo Municipal do P.P. no que se fai referencia a que por parte da Xunta de Galicia e do Goberno Central se vai proceder a invertir na zon rural unha serie de cantidades segundo as características do Concello. No caso de Viveiro a cantidade apuntan é duns 78.500 €, este grupo propón ó Pleno da Corporación para a súa aprobación a seguinte proposta de actuacións nas zonas rurais:

Reparación da pista en Pedregal, Covas, dende vivendas sociais a Cascallar (Escola antiga de Covas).

Reparación da pista de Alvarelle ó Cemiterio de Covas.

Reparación de pistas en Pallaregas.

Reparación de pistas en Granxas Covas.

Dotación de saneamento no grupo de Porta da Leira, en Pallaregas (Covas)

Reparación de pista en Outeiro-Nogarido_Po en Chavín Valcarría

Reparación de acceso a Vilar, por Lombo e As Cabanas, en Chavín.

Por parte da Alcaldía sinálase que xa foi aprobada na Xunta de Goberno Local a relación de pistas a incluír no PEIM, polo que non procede o debate deste punto, pois carece xa de obxecto. Apunta que o proxecto que se acordou incluír é o “Acondicionamento e mellora do Camiño de Castelo, Pista do Outeiro e ramais en Celeiro”, polo que agora se solucionará o problema de 20 anos sen poder subir ambulancias.

Intervén, representando ó grupo municipal do P.P., D. César Aja Mariña, para sinalar que hai algunha pista que xa anteriormente se tiña pensado arrancar, como por exemplo no Pedregal, Pallarega... e que se deberían ter en conta para futuros proxectos.

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel para apuntar que serán tidas en conta á hora de prever futuros arranxos, aínda que indica que a veces, na Comisión de Obras se prefire arrancar pistas que vaian a vivendas habitadas, que algunhas nas que non se reside.

Deste xeito maniféstase pola Alcaldía a intención de ter en conta esta relación para futuras previsións de obras, non procedendo a máis debate nin a votación por estar xa acordado este punto previamente na Xunta de Goberno e polo tanto quedar sen obxecto.

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DA MEMORIA-PROGRAMA DA ÁREA DE REHABILITACIÓN DE CASCO HISTÓRICO DE VIVEIRO. FASE XIII. OBXECTIVO 2011.



Visto o escrito do Instituto Galego de Vivenda e Solo , registrado neste Concello en data 21 de decembro de 2012, no que se solicita deste Concello que antes do 31 de xaneiro de 2012 se remita dita memoria-programa, así como os certificados dos acordos de aprobación correspondentes destes Concello.

Vista a Memoria-Programa da área de Rehabilitación do Casco Histórico de Viveiro. Fase XIII, obxectivos do período 2011.

Vista a proposta presentada pola Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Viveiro para a aprobación da Memoria-Programa da área de Rehabilitación do Casco Histórico de Viveiro. Fase XIII, obxectivos do período 2011, para un total de 35 actuacións según consta no escrito remitido en data 21 de decembro de 2012 polo IGVS, ós efectos de presentar dita Memoria ante ese organismo antes do 31 de xaneiro de 2012.

Vista a modificación de erros presentada pola Oficina de Rehabilitación ó detectar un erro na páxina nº9 da Memoria-Programa, no tocante ó cálculo de salarios de persoal.

Visto o certificado de Intervención de existencia de crédito.

Visto que por parte da Alcaldía se sinala en primeiro lugar a urxencia de aprobación deste acordo, antes do 31 de xaneiro de 2012, e tendo en conta que a confección de dita Memoria non estaba rematada por parte da Oficina de Rehabilitación no momento da convocatoria das respectivas comisións informativas, xa que data do 26 de xaneiro de 2012, polo que non puido ser dictaminada pola comisión informativa correspondente, e polo que, en virtude do previsto no artigo 82 do ROF se inclúe na Orde do Día desta sesión plenaria, e por tanto en virtude de dito artigo , antes de adoptar ningún tipo de acordo sobre este punto o Pleno da Corporación debe ratificar a súa inclusión na Orde do Día.

Motivada polo Alcalde a urxencia da inclusión deste punto na Orde do Día, tal e como reza o artigo 82 ROF, procédese á votar polo Pleno a ratificación da inclusión deste punto na Orde do Día da presente sesión, acordándose por unanimidade a inclusión de dito punto, dando paso ó tratamento do mesmo.

Vista a proposta da Alcaldía de aprobación da Memoria-Programa da área de Rehabilitación do Casco Histórico de Viveiro. Fase XIII, obxectivos do período 2011, elaborada pola Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Viveiro.

Non existindo debate sobre este asunto procédese á votación, acordándose por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a Memoria-Programa da área de Rehabilitación do Casco Histórico de Viveiro. Fase XIII, obxectivos do período 2011, elaborada pola Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Viveiro.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo, ós efectos oportunos, á Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Viveiro.

10.- ROGOS E PREGUNTAS.



En primeiro lugar por parte da Alcaldía procédese á lectura das preguntas presentadas polo Grupo Municipal do iVi de Viveiro e á súa contestación.

Á primeira pregunta: “¿Pódennos explicar porque motivo estivo pechada ao público a oficina de turismo no período comprendido dende o día 15 de Decembro ata o día 2 de Xaneiro?”, contesta o Sr. Alcalde que foi unha situación difícil porque aínda que todos din que sobra persoal, nesas datas o persoal de turismo colleu as vacacións que lles quedaban e foi polo que a oficina estivo pechada, apuntando que isto non debe volver a suceder.

Á da segunda pregunta: “¿Porque non se celebrou o pregón de Nadal e así mesmo o desfile de Papa Noel?” contesta o Sr. Alcalde que a concelleira de cultura e tenente de alcalde tiveron reunión coas PAS e acordaron facer outro tipo de actuacións este ano, polo que eran os comerciantes os que se encargaban de todo isto cada un na súas zonas.

Á terceira pregunta: “Recentemente foi donado por parte dun comerciante de Viveiro, O Sr. Modesto Novo, un mural para o Concello, ó cal agradecemos o xesto, por iso preguntamos ¿dónde ten o equipo de goberno previsto a súa instalación, e cando?” contesta o Sr. Alcalde que quere facer extensible dende a Alcaldía e o grupo de goberno que o Sr. Modesto Novo donase un mural dun artista de Viveiro é un orgullo. O Sr. Modesto reuniuse co arquitecto de excelencia turística e decidiuse colocalo en Calvo Sotelo, aínda que existe o compromiso de que se o Sr. Novo non estíbese de acordo coa súa colocación será él mesmo o que determine outro lugar.

Á da cuarta pregunta: “¿Desearíamos coñecer que lle reporta o noso Concello formar parte da asociación de “Villas Mariñeiras”, e canto se paga o ano por pertencer a mesma?” contesta o Sr. Alcalde que se trata dunha asociación de Concellos de tradición mariñeira e con excelencia turística. Nos últimos tempos existiron baixas de concellos do País Vasco por gañar as eleccións alí unha coalición que dixo non querer formar parte de “Villas Mariñeiras”. Dende a mesma fanse programas de radio, televisión, que abarcan dende Santander ata Baiona, e este Concello é un dos poucos gobernados por esquerdas que pertence a eta asociación, porque consideramos de interese a pertenza á mesma. Dentro dos recortes que se teñan que realizar de momento non está previsto saír de Villas mariñeiras. Agora Viveiro é titular da tesourería desta asociación, e acudirá o concelleiro ou concelleira que lle pertenza pola súa área de delegación. Ata o de agora aboábase unha cota anual de 8.000 euros, que agora se reduciu a 6.000 euros.

Á quinta pregunta: “O Concello de Viveiro segue formando parte do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, ¿canto se esta pagando de canon anual na actualidade? ¿Foi enviado pola nosa parte algun proxecto? ¿participou o nos Concello nalgún programa dentro dos ámbitos de desenvolvemento do Ente, referidos a: Desenvolvemento sostible, Planificación e transporte, desenvolvemento social, modernización da administración, cultura, turismo ou deporte?” contesta o Sr. Alcalde que sobre o Eixo Atlántico xa se falou noutro punto da orde do día, polo que agora simplemente apuntar que dentro dos recortes que sexa necesario realizar haberá que estudar se Viveiro segue pertencendo ó mesmo, considerando de tódolos xeitos que é productivo pertencer ó mesmo, e apuntando que conta cunha oficina propia nas feiras de turismo.

Á sexta pregunta: “Tivemos noticias de que a Banda Munciiipal de Musica de Viveiro, deixaba de facer as actividades que viña desenvolvendo, por mor de non percibir por parte do Concello a subvención correspondente de acordo co convenio respecto ó ano 2011. Aínda que recoñecemos a



axuda que o Concello realizou en anos anteriores, queremos saber: ¿Está interesado ó equipo de goberno na continuación da Banda? ¿Si isto é así, teñen previsto reunirse cos mesmos para concretar as cantidades con que se vai a subvencionar a mesma e en que datas se van a pagar? e así mesmo ¿Cando se vai firmar un novo convenio?” contesta o Sr. Alcalde apuntando que sobre este tema todos tivemos noticias incluso publicadas en prensa, pero que ningunha área do Concello nin a Alcaldía tivo coñecemento formal desta situación. Sinala que contan cunha subvención e cobran polas actuacións que realizan para o Concello, así como tamén contan cunha subvención para os seus membros, cantidades que non figuran no Convenio. Dende o ano 2003 ata o 2010 existe un gasto global de máis de 420.000 euros, co que o promedio anual é de 50.000 euros. Por outro lado a Banda foi un xestor increíble, pois estivo cos mesmos uniformes durante 25 anos. A finais de outubro de 2011 presentaron unha factura de 10.386 euros, que se aprobou o día 2 de decembro, a acta na que se recolle dito acordo aprobouse o día 18 de decembro, coincidindo coas vacacións de gran parte do persoal do Concello, e o día 8 de xaneiro xa anuncian que non se lles pagou, cree que o fan algo precipitadamente. Este pago realizouse fai unha semana. Dos 21.567 euros de subvención entregouse aínda a semana pasada a documentación, e o 30 de decembro preentárase a solicitude para o pago. Agora os servizos económicos están traballando para o abono desta cuantía. Por tanto se solicitaron en decembro e se pagou en xaneiro consideramos que non existe tal demora. O día 8 de xaneiro a noticia publicada non se axustaba á realidade. Por outro lado a previsión agora é negociar unha subvención ata onde se poda chegar, por parte da Banda pediuse un convenio e estase a traballar sobre o existente en Zaragoza adaptándoo á realidade de Viveiro.

Á sétima pregunta: “¿Como está o proxecto de urbanización do barrio do Celeiriño?, ¿cando se vai acometer a tan esperada obra?” contesta o Sr. Alcalde que se asinou un convenio coa Deputación Provincial de Lugo, polo que xa está aprobado o ingreso a Viveiro de 120.000 euros. O proxecto para a realización desta obra data de xullo de 2011, e a día de hoxe solicitaróense os permisos sectoriais para levar a cabo ditas obras, concretamente a Portos, Costas e Patrimonio.

Á oitava pregunta: “¿Realizaronse por parte do Equipo de Gobierno as xestións oportunas, cos organizadores do Resurrección Fest, para que este continue celebrándose, dada a importancia económica que supón para a economía do comercio do Concello?” contesta o Sr. Alcalde que cando o Resurrección Fest. comezaba e se apoiou por parte do goberno municipal por aquel entón decíase que este Alcalde non sabía traer a Viveiro nada máis que drogadictos coma él, tatuados, camisas negras, e en fin, que iso era unha vergoña para Viveiro, e sen embargo agora deféndese a ultranza. Por parte do equipo de goberno estase en contacto cos seus organizadores, sacaron xa unha programación para que non coincida coa Santa Ana de Celeiro. Por parte do Concello vaise intentar subvencionar ata onde se poda ou máis. En pasadas edicións por parte de Concellos como Coruña, Santiago, Vigo, ofreceron concertos que coincidisen coa data da súa celebración, pero lograron quitar moi pouco público. Cando se fixa unha marca é difícil de combatir e se conseguen levar isto a outro sitio xa nunca sería o Resurrección Fest., polo que dende o Concello vaise seguir apostando por esta celebración de tanto éxito en Viveiro.

Á novena pregunta: “¿Ten o equipo de goberno alguna noticia das negociacións entre Costas e Portos de Galicia para o arranxo definitivo do antigo peirao de Viveiro?” contesta o Sr. Alcalde que é mentira que non estea aprobado o proxecto, está aprobado en marzo ou maio de 2011, con consignación orzamentaria, o problema é que se cumpra. Está enviado á Xunta de Galicia a desafectación do peirao a favor do Estado para pasalo ó Concello e a Xunta contestou dicindo que o muelle de Viveiro aínda tiña actividade portuaria. Agora falta que conteste o Estado, se non o fai preguntárselle. Apunta que para poder edificar na zona portuaria é necesaria a existencia dun Plan



Parcial, un Plan Parcial de Ordenación da zona portuaria e do peirao, que nunca existiu, pero polo que dende a Alcaldía non se vai denunciar a ninguén. Esta zona, indica, forma parte do PEPRI, polo que non cree que ningún apoie no seu momento que non forme parte da trama urbanística de Viveiro, cando a incluíron no PEPRI no ano 1998, coa actividade portuaria tan importante que ten.

Á décima pregunta: “Dentro das actividades realizadas e organizadas pola comisión oficial creada no Concello para a celebración do Bicentenario do afundimento da fragata Magdalena e do Bergantín Palomo estaba a confección dun comic da conmemoración. Como sexa que xa esta abonada a súa elaboración, e so falta a impresión, e polo que preguntamos ¿para cando se vai proceder a mesma?” contesta o Sr. Alcalde que un dos que pregunta estaba na Comisión, e indica que ata que non se contou coa subvención outorgada pola Deputación Provincial de Lugo para o cómico non se puido pagar a súa realización, polo que ata que non se conte cunha subvención para a súa publicación non se poderá publicar, que o mesmo conta cunha calidade extraordinaria e que se intentará apostar porque sexan imprentas de Viveiro as que se encarguen da súa publicación.

Non existindo máis preguntas procédese a dar lectura dos rogos preesentados polo Grupo Municipal do iVi:

“1.- Rogamos se faga un estudio por parte dos técnicos municipais, sobre a repercusión que ó incremento aprobado polo goberno do Estado, vai supor os veciños de este Concello no pago do IBI, e mirar a posibilidade de modificar a ordenanza municipal, para que non se produza un incremento desmesurado do citado imposto.”

Intervén o Sr. Alcalde apuntando que consultados servizos propio e alleos non se pode modificar dito imposto, xa que entóns ¿cal se cobraría?, porque para poder cobrar este imposto no ano 2012 ten que estar publicado antes do día 1 de xaneiro deste ano, polo que se agora o aprobamos cobraríase o 1 de xaneiro de 2013, e Viveiro deixaría de cobrar 3 millóns de euros e máis o que marca o Estado. Apunta que falar é quedar ben, pero hai que ter en conta a realidade. Sinala que Rajoy dixo que non subiría os impostos e isto vaille supor a Viveiro recaudar uns 400.000 euros. Indica que unha taxa se pode publicar en xaneiro e empezar a cobrar no segundo trimestre, pero un imposto non, e quen o considere doutro xeito que soliciten informes que lles corroboren que se un imposto non se publica antes do 1 de xaneiro deste ano é incobrable durante o 2012.

“2.- Despois da prospección xeofísica realizada na nosa ría o paso mes de Outubro, onde se localizaron ata 11 anomalías de posibles pecios, ¿Enviouse o Concello algún informe o respecto desa análise?, Se non o fixeron ROGAMOS se fagan as xestións oportunas ante as administracións pertinentes o obxecto de estar totalmente informados sobre este tema.”

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, para apuntar que a través da Xunta de Goberno Local e da área concreta se solicitou informe ó grupo de arqueólogos.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte do Sr. Alcalde levántase a sesión, sendo as 18:50 horas do día 30 de xaneiro de 2012, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu, como Secretaria, dou fe.

Vº. e Prace



O ALCALDE,

A SECRETARIA,